


A PREVENCIÓN de Riscos Laborais en Electricidade e Electrónica...



...é cousa de todos.

Medidas preventivas

Risco eléctrico

En traballos eléctricos ten sempre o equipo de primeiros auxilios a man e intenta traballar sempre sen tensión, segundo o procedemento establecido:

- Abre con corte visíbel todas as fontes de tensión.
- Realiza encravamento ou bloqueo dos aparatos de corte.
- Confirma a ausencia de tensión.
- Pon a terra e en cortocircuíto todas as fontes de tensión.
- Delimita a zona de traballo mediante sinalización.

Corte e/ou punzamento

Non uses alicates, desaparafusadores ou outras ferramentas punzantes ou cortantes para usos diferentes daqueles aos que están destinados.

Exposición a campos electromagnéticos

Non accedas a zonas sinaladas de perigo por campos electromagnéticos se non recibiches formación ao respecto e/ou sen autorización.